

Literaturas minoritarias: autonomía e relacións interliterarias

La prédominance du macro-texte national obéit à une phase où le système littéraire est contrôlé par la tendance définie antérieurement comme nationalisme littéraire. Dans celle-ci, les textes enregistrent directement encore les macrométaphores dessinées ou promues par les idéologies respectives qui, d'une certaine manière, guident ou conditionnent monologiquement la dynamique du discours littéraire (...).

La phase de l'Inter-Texte polyphonique, perceptible surtout dans ces années-ci, correspond à un système littéraire qui prétend fonctionner de manière autonome. Cette nouvelle conception est directement en rapport avec une crise profonde dans les présuppositions traditionnellement utilisées pour définir la textualité littéraire galicienne.

Xoán González-Millán (*Communication littéraire et culture en Galice*, p. 174).

O discurso de Xoán González-Millán sobre a literatura caracterízase por imaxinala e explicala como un fenómeno social e polo tanto radicalmente histórico. Probabelmente o seu interese permanente pola literatura galega contribuíu dalgunha maneira a consolidar e xustificar a súa orientación teórica; a descrición inmanente ou positivista dos textos, útil ou mesmo necesaria puntualmente, resulta particularmente inoperante para entender a literatura galega. Esta literatura, cos seus problemas propios, pero sempre activa, sempre vivida, sempre discutida, sempre vixiante e vixiada constitúe unha especie de banco de probas para calquera proposta teórica. Segundo teño observado, isto percíbena ben os que a miran dende outros presupostos culturais. A razón de todo isto creo que consiste en que o fenómeno literario na Galiza se move e evoluciona constantemente e con rapidez e tamén con orixinalidade, como resulta lóxico. Entón, para analizar este movemento, é dicir para facer a súa historia literaria, non chega con describir os produtos: hai que analizar a estrutura de relacións entre os “axentes sociais”, que diría Xoán, para entender os produtos e as súas funcións.

O entender a literatura galega como rede de relacións, chámeselle sistema, campo, institucións, etc., permite ademais proxectar un novo punto de vista sobre as relacións con outras literaturas: non se trata xa de explicar posíbeis influencias puntuais e informes senón de explicar a razón e a intervención do que en cada momento se importa por este conxunto en evolución. É neste aspecto como, por exemplo, resultan rendíbeis os conceptos de González-Millán que aparecen na cita coa que iniciamos este traballo: a tensión dialéctica, case permanente, nacionalismo literario / literatura nacional axuda certamente a entender o que

sucede na relación entre literaturas e culturas nacionais e máis en particular entre literaturas e proxectos nacionais, ou nacións en proxecto, onde precisamente a literatura parece nacer con funcións “extraliterarias” específicas; os elementos importados (un texto, un modelo literario, unha obra traducida, etc.) realizarán funcións diferentes, por exemplo nunha etapa de “literatura nacional” e nunha etapa de “nacionalismo literario”, nun sector ou noutro do mundo da literatura, nun sector máis autónomo que nun sector máis heterónimo e en todo caso dependerá de que tipo de autonomía / heteronomía esteamos a falar.

A partir da noción de campo literario no que o concepto de autonomía, ao que González-Millán se refire moitas veces, resulta fundamental, intento esbozar simplemente algunhas liñas de reflexión.

En primeiro lugar, unha anotación que por obvia non deixa de útil: estes conceptos (nacionalismo literario / literatura nacional, macrotexto nacional / intertexto polifónico, autonomía / heteronomía, etc.), como tales conceptos, son teóricos, o cal quere dicir que non se corresponden con prácticas precisas ben delimitadas. O campo literario é unha rede moi complexa e o que acontece nalgúns dos seus sectores ou dos seus axentes ou nalgunhas das súas posicións non implica uniformidades prácticas. Por exemplo, é posíbel que un escritor escriba con intención e sentido de producir un intertexto polifónico e que, con todo, o seu texto sexa lido de feito coma una metáfora nacional, porque no campo aparecen sectores diferentes con intereses diferentes que non evolucionan simultaneamente.

Pode falarse de “fases” (sucesivas) de nacionalismo literario ou de literatura nacional, pero tamén pode suceder que nun mesmo momento ambos aspectos se enfronten, non sucesivamente, senón simultánea e dialecticamente; estas etapas teóricas non están pechadas na práctica senón ás veces imbricadas.

Observando a función da literatura nos ámbitos nacionais, vemos en cada momento histórico funcións de diferentes tipos: discursos directamente comprometidos no ideario nacional ou discursos máis autónomos. A evolución histórica provocada pola concorrancia dáse globalmente pero de maneira complexa; o paso das etapas iniciais problemáticas a etapas máis consolidadas implica prácticas diferenciadas pero non tanto como os conceptos teóricos parecen deixar entender. A relación literaria, é dicir, a visión do texto alleo, a importación, a utilización e os resultados estarán condicionados polo sector do campo en que cada unha destas cousas se produce.

En liñas xerais podemos dicir que a importación literaria realizará funcións en grande parte *novas* ou imprevistas no campo de recepción segundo o sector, posición, toma de posición, momento en que se realice. Escribo *novas* para relativizar o significado da palabra porque ben pode pasar que o importado *resulte* novo sen selo xa en absoluto no campo de orixe. É o caso, por exemplo, do futurismo, ao que nos referiremos máis

adiante, cuxa influencia na Galiza parece prolongarse na década dos anos vinte, cando na Europa perdía actualidade.

En teoría, e só coas precaucións que acabo de indicar, podemos dicir que en campos en constitución e nunha etapa consecuenta de nacionalismo literario a relación interliteraria en xeral realizará funcións tamén “políticas”, até o punto de que nestes casos aparece unha dialéctica permanente, e en certo sentido contraditoria, entre a autonomía necesaria para o pleno funcionamento do campo literario ou artístico e a acción política necesaria para configuralo; pola contra, en campos máis consolidados e máis autónomos, a importación de textos ou de modelos literarios realizará funcións máis estritamente literarias pero non necesariamente nin sempre nin en cada sector: todo dependerá de tipo de heteronomía que estea funcionando no campo. Anotamos de paso que as funcións heterónomas (en sentido político) da literatura non son exclusivas de situacións de linguas minorizadas máis ou menos análogas á galega senón que poden darse noutros casos moito máis consolidados pero dalgunha maneira necesitados de rexeneración. Pensemos nas funcións nacionais que a literatura realiza na España posterior a 1898, despois da “perda” de Cuba.

No que se refire aos conceptos de autonomía / heteronomía convén precisar o seguinte. Os elementos heterónomos que inciden no campo literario poden ser de tipos diferentes. Na descrición e exemplificación do campo literario que propón Bourdieu (1992: 75 ss.) a heteronomía vén dada case sempre pola incidencia no campo de valores económicos e comerciais que imponen eventualmente normas externas. Na descrición que fai González-Millán (1995: 78) a heteronomía vén dada polo sector “ideolóxico” (“idearios nacionalistas”) do campo nacional en canto que tamén impón normas externas pero non comerciais sobre todo na fase do “nacionalismo literario”:

Nela os textos aínda rexistran directamente as macrometáforas deseñadas ou promovidas polos respectivos idearios nacionalistas que, dalgún xeito, guían ou condicionan monoloxicamente a dinámica do discurso literario. Todos os textos son sometidos a esta integración monotemática que a crítica é a primeira en potenciar e lexitimar porque responde ás expectativas dun lectorado reducido pero ben articulado ideoloxicamente (González-Millán 1995: 78-79).

Na descrición que fai, por exemplo, Denis Saint-Jacques (1989: 243) a propósito do caso do Québec utilízase o concepto de autonomía / heteronomía englobando a literatura nunha dinámica do campo nacional no seu conxunto; trátase dunha autonomía a fin de contas tamén política en canto condicionada polas fronteiras políticas, en canto que se fala da “súa autonomización en relación coa literatura inglesa primeiro e logo sobre todo coa francesa”.

Penso que no caso galego poden xogar simultánea e/ou sucesivamente todos este tipos de heteronomía. Obviamente que, segundo o sector que realice a importación, o elemento importado vai realizar funcións nun sentido ou noutro. Non se importa o mesmo dende unha editorial de grande poder comercial, onde a importación pode facerse por criterios e fins comerciais, que dende o campo de produción restrinxido, onde a importación pode ter máis razóns literarias, ou que dende o campo político nacionalista, onde a importación resulta ter máis ben funcións políticas. Tampouco se importa o mesmo nin da mesma maneira nun momento épico de “nacionalismo literario” que nun momento máis autónomo de “literatura nacional”. Isto é aplicábel a todos os elementos importábeis e a todos os destinos que se lle poden dar á importación en función de *cando, quen, que e para que* se importa ou simplemente se establece a relación literaria.